ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CPI DR. LÓPEZ SUAREZ
CURSO: 1º - 6º
MATERIA: INGLÉS
DEPARTAMENTO:
DATA: 11 maio 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**

2. **Avaliación e cualificación.**

3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**

4. **Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Primeiro:	
B1.1	PLEB1.1
B2.3	PLEB2.4
B3.1	PLEB3.1
B4.2	PLEB4.3
B5.2, B5.7, B5.11	PLEB5.2, PLEB5.4, PLEB5.9
Segundo:	
B1.1	PLEB1.1
B2.3	PLEB2.4
B3.1	PLEB3.1
B4.2	PLEB4.3
B5.3, B5.8, B5.12	PLEB5.2, PLEB5.4, PLEB5.10
Terceiro:	
B1.1	PLEB1.1
B2.3	PLEB2.1, PLEB2.4
B3.1	LEB3.1, PLEB3.2
B4.2	PLEB4.2
B5.3, B5.8, B5.12	LEB5.1
Cuarto:	
B1.1	PLEB1.1
B2.1, B2.4	PLEB2.1, PLEB2.4
B3.1, B3.3.	PLEB3.1, PLEB3.2
B4.1, B4.3	PLEB4.1, PLEB4.2, PLEB4.9
B5.3, B5.10	PLEB5.1

Quinto:	
B1.1	PLEB1.1, PLEB1.2
B2.1	PLEB2.1, PLEB2.4
B3.1, B3.2, B3.4	PLEB3.2, PLEB3.4
B4.1, B4.8	PLEB4.1, PLEB4.2, PLEB4.9
B5.3, B5.9, B5.10, B5.14	PLEB5.3, PLEB5.10
Sexto:	
B1.1, B1.4	PLEB1.3, PLEB1.5
B2.1, B2.2	PLEB2.1
B3.1, B3.2	PLEB3.5
B4.1, B4.3	PLEB4.2
B5.9, B5.10	PLEB5.1

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	Procedementos: ▪ Seguimento sistemático do alumnado comprobando que realiza as tarefas propostas semanalmente. ▪ O alumnado que teña algunha avaliación suspensa deberá realizar as tarefas enviadas de xeito persoal por correo electrónico.
	Instrumentos: ▪ Activity Book. ▪ Caderno/archivador. ▪ Gravacións enviadas. ▪ Fichas realizadas online. ▪ Fichas PDF.
Cualificación final	A cualificación final será a media da primeira e segunda avaliación; o traballo, participación e esforzo realizado durante a terceira avaliación terase en conta para mellorar esa cualificación (de seres o caso) ou para recuperar as avaliacións pendentes (de superar debidamente as tarefas enviadas).
Proba extraordinaria de setembro	
Alumnado de materia pendente	Criterios de avaliación:
	Criterios de cualificación:
	Procedementos e instrumentos de avaliación:

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	▪ A través da metodoloxía explicada abaixo, conseguiuse levar a cabo non só actividades de repaso e reforzo, se non tamén de ampliación. ▪ A través da plataforma Loom, a mestra envía semanalmente un vídeo explicativo sobre os contidos e as tarefas a realizar. Podendo seguir así, case con total normalidade, o desenvolvemento das unidades reflexadas na programación didáctica. ▪ O alumnado ten todo o material necesario na casa, polo que as actividades realízanse tanto no Activity Book, Class Book ou caderno (as tarefas escritas do Class Book ou outras que indica a mestra) ▪ O uso do libro dixital de inglés úsase para as explicacións semanais por parte da mestra; posto que o alumnado xa dispón do material correspondente -Activity Book- para realizar as tarefas. ▪ O alumnado que así o precisa, recibe actividades de recuperación, de xeito individualizado, a través do correo electrónico.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	▪ Procuramos seguir a metodoloxía relacionada no punto 9 da programación didáctica; conséguese case por completo no alumnado que dispón dunha conectividade básica (datos en móvil). ▪ Os recursos de audio son cambiados por outros similares para reforzar as mesmas destrezas (cancións populares e gravacións da mestra). ▪ A expresión oral e as interaccións conséguense mediante gravacións persoais do alumnado e xogo de roles utilizando bonecos ou similares, respectivamente. ▪ O alumnado sen conectividade -casos moi puntuais- recibe as tarefas debidamente explicadas, no seu correo electrónico (do que si dispoñen todos). De non haber posibilidade de impresión dos PDF as actividades realízanse no caderno e logo mandan foto polo mesmo medio. ▪ Mándanse as correccións, tamén, por correo electrónico respondendo na mesma mensaxe recibida; esta interacción coas familias vai máis alá do ámbito estritamente académico (mensaxes de ánimo, felicitacións, vídeos persoais, etc.) ▪ Facilitáronse ferramentas online (tipo dicionarios e páxinas de reforzo) ademais da atención diaria, (de luns a domingo), persoal e individualizada, por medio do correo electrónico onde se responden puntualmente calquera dúbida ou problema (tanto a nivel académico como tecnolóxico) que teñan tanto o alumnado como as familias.
Materiais e recursos	▪ Libros de texto (Class Book e Activity Book) relacionados no punto 11 da programación didáctica. ▪ Ordenador, tablet ou teléfono móbil. ▪ Caderno/archivador. ▪ Recursos online (xogos, actividades, cancións...) ▪ Plataformas educativas (youtube, loom, drive, etc.) ▪ Material elaborado pola mestra (vídeos personalizados, fichas, etc.)

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	Dende a área de Linguas Estranxeiras (inglés) estamos en contacto directo coas familias a través do correo electrónico e, indirectamente, a través da titora ou especialista a cargo dos nenos con necesidades específicas. As tarefas a realizar semanalmente cólganse de xeito puntual a principios de semana (luns) na páxina web do centro. Están dispoñibles no recanto de Lingua Estranxeira (inglés) e ademais hai un enlace directo dende cada curso, para que lles sexa máis doado ás familias.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.